

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DA MERCA

*CORRECCIÓN DE ERROS DO ANUNCIO R. 937, PUBLICADO NO BOP DO 16 DE ABRIL DE 2024*

Unha vez advertidos erros no anuncio número R. 937/2024, publicado no Boletín Oficial da Provincial de Ourense do 16 de abril de 2024, co título “Convocatoria e bases de selección para a creación dunha bolsa de emprego de operario/a de limpeza e unha bolsa de emprego de peón/peoa de obras”, realízanse as seguintes rectificacións oportunas:

No título do anuncio, onde poñía “Convocatoria e bases de selección para a creación dunha bolsa de emprego de operario/a de limpeza e unha bolsa de emprego de peón/peoa de obras”, debería poñer “Convocatoria e bases de selección para a creación dunha bolsa de emprego de operario/a de limpeza”.

No primeiro parágrafo do anuncio, onde dicía: “(...) a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de peóns/peoas de obras (...)”, debería dicir: “(...) a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de operarios/as de limpeza (...)”.

A Merca, 16 de abril de 2024. O alcalde.

Asdo.: José Manuel Garrido Sampedro.

**R. 979**